

# GUIÓN DE TRABALLO 1º DE BACHARELATO

## Febre de Héctor Carré



1.- Analiza a estrutura narrativa da novela. Xustifica con fragmentos da obra a túa resposta.

2.- Analiza o papel dos seguintes personaxes: Carmucha, Matías, O Marelo, don Severo, Félix, Colin Faithless, Rebeca, Coñono, don Rúdiguer e a nai de Carmucha.

3.- Comenta o papel das mulleres en *Febre*, atendendo aos seguintes eixos temáticos:

- As mulleres no franquismo.
- As mulleres na extracción do wolframio nas minas de San Finx.
- Katherine Hepburn como ideal a seguir. Sintetiza en catro ou cinco liñas a evolución artística da actriz, inclúe unha imaxe dela e cita catro títulos das súas obras máis representativas.

4.- Reflexiona sobre a relación entre o avó e a neta. Apóiate no texto para as túas apreciacións.

- Que crítica o avó do comportamento da súa neta coa intención de facela madurar?

- Fai, como mozo/a, unha valoración crítica sobre esta relación en non máis de 10 liñas.

5.- O wolframio:

a) Localiza na obra as descrições que se dan do wolframio. Investiga e responde as seguintes cuestións:

- Denominacións e características.

- Usos (no pasado e na actualidade).

b) Como se reflexa na novela o interese dos alemáns fronte ao dos ingleses e americanos con respecto a este mineral?

c) Cales son as causas que se dan na novela para o declive do negocio do wolframio.

6.- Le atentamente o seguinte fragmento:

*“Carmucha seguiu deambulando pola mina e deseguida chegou a unha especie de praciña onde estaban as oficinas, a enfermería e a vivenda de don Teo, que era como se chamaba o médico. Ela coñecerá o día que morrera Manuela, pero xa sentira falar del con anterioridade porque era moi querido por toda a xente do wolframio”.*

a) Localiza unha imaxe antiga do poboado mineiro.

b) Don Teo é un personaxe real. Le a entrevista que se lle fai no seguinte enderezo:

<http://www.concellodelousame.com/es/historia/minas/teo/teo.html>

Responde estas cuestións:

- Quen o contratou como médico para as minas e en que ano?

- Que datos ofrece don Teo sobre os soldos que se pagaban na época do wolframio? Cal era o seu?

c) Escolta as reportaxes dos seguintes enlaces:

<http://camaraminera.org/san-finx/reportaje-sobre-las-minas-de-san-finx-lousame-a-coruna/gmx-niv96-con979.htm>

[http://www.galiciaparaelmundo.com/blog/?page\\_id=51&recurso\\_id=3131](http://www.galiciaparaelmundo.com/blog/?page_id=51&recurso_id=3131)

Responde estas cuestións:

-Segundo a reportaxe, cal foi a causa que provocou a nacionalización das minas de San Finx?

- Cantos mineiros oficiais chegou a haber nas minas na época da guerra?

- Cita outras minas de wolframio explotadas en Galicia ao abeiro da 2ª Guerra Mundial e da Guerra de Corea e indica a súa localización xeográfica.

7.- Realiza unha breve investigación (entre cinco ou seis liñas como máximo) sobre: Primo de Rivera, Lerroux, Eisenhower, Rommel, Ghandi, Doutor Goebbels, a penicilina.

8.- Localiza as imaxes do Casino de Noia e da igrexa de Santa María a Nova. Fai unha breve descrición (cinco liñas para cada imaxe).

9. A Segunda Guerra Mundial.

Na obra podemos ir lendo a evolución temporal da 2ª Guerra Mundial. Xa sabes que esta estivo directamente relacionada coa explotación do wolframio.

a) Antes da guerra, Alemaña importaba este mineral da China, pero a evolución da guerra fixo imposible que isto se levase a cabo por terra. Por que? Deduce a túa resposta a partir deste vídeo:

[http://www.ushmm.org/wlc/es/media\\_nm.php?MediaId=6373&ModuleId=10005760](http://www.ushmm.org/wlc/es/media_nm.php?MediaId=6373&ModuleId=10005760)

b) No libro recóllese a “falsa neutralidade” de Franco na guerra. Ademais do papel xogado pola prensa (sempre parcial na súa información –mesmo en tempos de democracia segue a ser así!-), apórtanse os datos da presenza de barcos de abastecemento alemáns en Ferrol e Vigor – o Max Albrech e o Bessel- , así como unha antena de radio en Cospeito chamada Elecktrasonne.

Localiza neste enlace as imaxes dos barcos citados:

<http://www.u-historia.com/uhistoria/historia/articulos/galicia/galicia.htm>

A existencia da antena en Cospeito está tamén probada, tal e como podes ler neste enlace:

<http://es.goldenmap.com/Arneiro>

Con que nome se coñecen na zona?

10.- Fai unha reseña da obra (non máis de 15 liñas)

## Enlaces de interese:

Páxina do Concello de Lousame sobre as Minas de San Finx:

<http://www.concellodelousame.com/es/historia/minas/minas.html>

Entrevista ao autor:

<http://www.laopinioncoruna.es/cultura/2011/06/13/hector-carre-familias-gallegas-enriquecieron-wolframio-clandestino/504790.html>

Páxina sobre a organización da mina dende 1929 ata 1965:

<http://camaraminera.org/uploads/COMG/documentacion/mineria/San%20Finx/ San Finx 1929 65.pdf>

Páxina sobre o Patrimonio de Noia:

<http://patrimoniogalego.net/?cat=256>

## PRESENTACIÓN DO TRABALLO

De novo lémbrovos unha vez máis que unha boa presentación agrada á vista e inflúe positivamente en quen le –e en quen corrixe. Podes consultar como se fai no blog da biblioteca:

[http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/IESPoetaAnhon\\_traballo.pdf](http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/IESPoetaAnhon_traballo.pdf)

[http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/IESPoetaAnhon\\_traballoescrito.pdf](http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/IESPoetaAnhon_traballoescrito.pdf)

[http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/IESPoetaAnhon\\_citasbibliograf.pdf](http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/files/IESPoetaAnhon_citasbibliograf.pdf)

Esta é unha síntese:

- Usa folios brancos.
- Escribe por unha soa cara de cada folla.
- A primeira páxina deberá ser a portada (non precisa ser moi elaborada, é suficiente co título do traballo, o tema, a obra e o autor, os teus datos –nome e apelidos, curso e grupo-) e na segunda deberás incluír o índice.
- A terceira páxina estará reservada á introdución –cando sexa precisa- e as seguintes ao desenvolvemento do traballo.
- Na última folla, colocarás a bibliografía e a continuación os anexos, no caso de que existan (algún documento que precises, imaxes, etc.)
- As citas das obras consultadas seguirán estes pasos:
  - AUTOR (APELIDO, Nome) ,*título do libro* (en letra cursiva), n.º da edición (excepto se fose a 1.ª, que non se menciona), lugar de publicación, editorial. (Ano de publicación).

Ex:

CASTELAO, Alfonso R., *Cousas*, 2.ª ed, Vigo, Ed. Galaxia. (2000).

Ex:

MACFARLANE, A. e MCPHERSON, A., *Eu e os meus colegas*, 3.ª edición, Vigo : Ed. Xerais 1998.

- Citas de páxinas da rede:
  - Responsable principal. Título. [Tipo de soporte] Edición. Lugar de publicación. Editor. Fecha de publicación. Fecha de actualización ou revisión. [ Data de consulta] Disponibilidade e acceso.  
Ex:  
Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía. Catálogo da biblioteca . [Consulta: 20 novembro 2007] Disponible en: [http:// museoreinasofia.mcu.es/biblio/default/htm](http://museoreinasofia.mcu.es/biblio/default/htm)
- Deixa marxes ó redor da páxina que permitan ó profesor facer anotacións e tamén que faciliten a encadernación. Medidas recomendadas: Clica en ARQUIVO→Configurar páxina, marxes  
Marxe superior: 3 cm Marxe dereito: 2,5 cm.  
Marxe inferior: 2,5 cm Marxe esquerdo: 2,5 cm.
- Se non pudieses usar o ordenador, fai unha letra lexible.
- Non entregues follas tachadas ou cheas de rectificacións.
- Numera as páxinas, excepto a portada. Clica en INSERIR, número de páxina.
- Calquera tema pode ser ilustrado recorrendo a fotografías, gravados, mapas e gráficos, etc. Pero non esquezas de que tódalas imaxes deben estar sempre relacionadas co texto e deberán ser colocadas cerca do asunto que ilustran. Deberán tamén ter un pé de foto explicativo.
- Os títulos das obras –libros, revistas,...- deben ir en cursiva e os dos capítulos, títulos de relatos, poemas, artigos, etc, entre comiñas. Se o fas a man, os títulos dos libros irán subliñados.
- Preséntao grampado, nunha funda plástica ou con calquera sistema que evite que as follas queden soltas.
- Debes empregar tipos de letra simples, como Arial ou Times New Roman, e de tamaño 12. Nos títulos e encabezamentos podes usar o tamaño 14. Emprega a letra cursiva, o subliñado ou a negrita para realzar determinadas palabras sobre as que queiras chamar a atención, pero non abuses deste recurso.
- O ideal é usar un espaciado entre liñas de 1,5.
- Notas a pé de páxina: Son moi útiles cando queres chamar a atención do lector sobre un determinado feito. Xeralmente, úsanse para asociar anexos ao texto ou para facer unha referencia bibliográfica a unha cita mencionada no texto. Clicar en INSERIR, nota ao pé de páxina (ás veces, chámanselles comentarios).